

MANIFESTO SOBRE O RECOÑECEMENTO DO PLURILINGÜISMO DO ESTADO ESPAÑOL

Os consellos de xuventude das diferentes nacións históricas do Estado español que teñen unha realidade bilingüe ou plurilingüe no seu territorio, consideramos necesario que se dea pleno recoñecemento da realidade plurinacional, pluricultural e plurilingüística por parte do Estado. Os consellos que apoiamos este manifesto reivindicamos:

1. Recoñecemento da realidade plurilingüística

O Estado español contén unha realidade plurinacional, pluricultural e plurilingüística. Aínda así, este aínda ten que asumir, con todas as consecuencias, a súa diversidade nacional nos ámbitos político, socioeconómico, cultural e lingüístico. O recoñecemento desta realidade debería comportar a protección efectiva de todas as linguas presentes no seu territorio.

A Constitución española de decembro de 1978, xunto cos estatutos de autonomía, recoñeceu a existencia doutros idiomas ademais do castelán. Así, o catalán é idioma oficial en Catalunya, Illes Balears e no País Valencià (co nome de valenciano), o éuscaro é oficial no País Vasco e Navarra e o galego en Galicia. Así mesmo, o occitano é lingua oficial do Vall d'Aran, xuntamente co catalán e o castelán, dende 1990 e en toda Catalunya dende 2006. Tamén existen outras linguas que non son oficiais no Estado español como o asturiano, a fabla aragonesa, o catalán en Aragón, o amazigh de Melilla, o árabe de Ceuta, o caló que fala a comunidade xitana, entre outras.

O Goberno español subscribiu a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias o 5 de novembro de 1992, e ratificouna o 9 de abril de 2001. O informe sobre a aplicación da Carta no Estado español do 11 de decembro de 2008, constatando que dende o goberno español non se fixera suficiente esforzo pola protección e promoción destas linguas, insta as autoridades españolas a tomar medidas para aumentar a sensibilización e a comprensión das linguas minorizadas do Estado español, en particular respecto das linguas cuxa cooficialidade aínda non se recoñeceu. Este informe tamén insta as autoridades españolas a tomar medidas relativas aos medios de comunicación de ámbito estatal impresos ou emitidos por radio e televisión, co obxectivo de reflectir a natureza plurilingüe do Estado e a fomentar o respecto, a comprensión e a tolerancia destas linguas faladas no Estado español.

2. A riqueza do bilingüismo e o multilingüismo

Así pois, case a metade da poboación española (46%) vive en territorios bilingües ou plurilingües (3 de cada 10 españois viven en comunidades autónomas onde o catalán, con este nome ou co nome de valenciano, é lingua oficial). Así pois, o bilingüismo, en diferentes situacións comunicativas e diferentes graos entre o castelán e outra lingua, é unha realidade para gran parte da poboación española. Non obstante, a miúdo a poboación que vive en comunidades autónomas co castelán como única lingua non é suficientemente consciente do carácter plurilingüe da sociedade española.

Despois de Bélxica e Luxemburgo é o estado da Unión Europea onde o fenómeno do plurilingüismo é máis importante, de maneira que lonxe de tratarse dun feito anecdótico chega a constituír unha característica distintiva. A mesma Constitución Española, no artigo 3, fai referencia á diversidade lingüística do Estado: *A riqueza das diferentes modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.*

3. A normalización lingüística

Debe destacarse a importancia da normalización lingüística, cuxo obxectivo principal é alcanzar a normalidade para as linguas minorizadas nos seus territorios propios, que sexan linguas operativas a todos os efectos e estender o seu uso a todos os ámbitos da sociedade. Os falantes destas linguas teñen dereito a vivir plenamente na súa lingua propia sen necesidade de recorrer a outras linguas.

As linguas minorizadas deben ser de uso normal e preferente nos seus propios territorios, sen prexuízo de coñecer ademais outras linguas, dado que o coñecemento de máis dunha lingua se tornou necesario nunha sociedade cada vez máis globalizada.

O obxectivo da normalización non é desprazar outras linguas, nin impedir que se aprendan outros idiomas, senón que debe servir para que calquera persoa poida vivir plenamente na súa lingua propia, tal e como o recoñece a lexislación internacional e debe recoñecer a lexislación de cada territorio.

4. Oportunidades para promover e protexer as diferentes linguas

Actualmente, e como consecuencia do proceso de globalización, moitas linguas enfrontan a uns problemas de supervivencia que xa non son os mesmos de antes. De feito, trátase de novos problemas que se sumaron aos que xa tiñan estas linguas, minorizadas ou non-dominantes, que loitan pola súa normalización ou, mesmo nalgúns casos, pola súa supervivencia tras séculos de minorización por parte dun Estado que lles é hostil.

Aínda así, no proceso de globalización tamén podemos ver oportunidades de visibilización e normalización das diferentes linguas que coexisten no Estado español. Neste sentido, é importante que a sociedade en xeral, pero sobre todo os/as nenos/as e a mocidade sexan conscientes das posibilidades que as TIC e o contexto da globalización ofrecen ás linguas minorizadas.

O territorio español ao longo dos séculos foi un punto de encontro de poboacións de diferentes culturas e linguas. Non obstante isto, dende finais do século XX os fluxos migratorios cara ao territorio español incrementáronse de forma importante. Algunhas comunidades tiveron que facer fronte a unha chegada constante e numerosa de poboación migrada, poñendo a proba o reto da integración dos acabados chegados.

En xeral, no Estado español percíbese que é máis útil para a poboación migrada que esta aprenda en primeiro lugar a lingua castelá, xa que parece que ao ser unha lingua maioritaria, tanto no Estado español, coma no mundo, o uso que poida facer nun futuro será maior. Non obstante, esta visión pon aínda máis trabas á visibilización e pervivencia das linguas minorizadas. Así pois, hai que percibir a inmigración como unha oportunidade para facer visibles e para fomentar as linguas minorizadas e, sobre todo, con respecto á educación e integración das xeracións máis novas.

5. Propostas de acción

Por todo isto, os consellos de xuventude do Estado español que apoiámos este manifesto esiximos:

- O recoñecemento político e normativo explícito, forte e satisfactorio do pluralismo nacional, cultural e lingüístico do Estado.
- Que o Estado español adapte a súa relación coa cidadanía para dirixirse a esta na lingua propia de cada territorio.
- A oficialización das linguas non oficiais propias do territorio español.
- Que o goberno español investigue e informe de forma periódica sobre a situación das diferentes linguas, oficiais e non oficiais, do Estado.
- Que, no marco do seguimento da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, o goberno español informe axeitadamente o Consello de Europa da presenza e extensión de cada lingua e comunidade lingüística presente no territorio español.
- Que o Estado español reclame a oficialidade das súas linguas propias nas institucións europeas.
- Que os medios de comunicación promovan a visibilización da realidade plurilingüística do Estado, e que fomenten o respecto e a comprensión das diferentes linguas presentes no territorio.
- Que os programas e currículos educativos inclúan o ensino da realidade plurinacional, pluricultural e plurilingüe.
- Que as linguas minorizadas teñan máis espazos nos programas e currículos educativos das respectivas comunidades autónomas, así como que se facilite, a nivel optativo, a aprendizaxe de linguas propias doutras comunidades autónomas.
- Que o Estado español recoñeza o caló e as diferentes linguas de signos como linguas propias do territorio español.
- Ascender e facer visibles as diferentes expresións artísticas feitas nunha lingua minorizada pero propia do Estado español.
- Ofrecer recursos e medios para que o uso das novas tecnoloxías e os medios de comunicación signifiquen unha oportunidade para as linguas minorizadas, e non unha ameaza.
- Que nos procesos de acollida das persoas migradas a lingua propia do territorio teña un papel esencial.

Euskadiko Gazteriaren Kontseilua (EGK)
Conseyu de la Mocedá del Principáu d 'Asturies (CMPA)
Consell de Joventut de les Illes Balears (CJIB)
Consell Nacional de la Joventut de Catalunya (CNJC)
Nafarroako Gazteriaren Kontseilua (NGK)
Consello da Xuventude de Galicia (CXG)
Consell de la Joventut de la Comunitat Valenciana (CJCV)